UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| Guía Docente | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Datos Identificativos | | | 2017/18 | |
| Asignatura (*) | Bibliografía e Fontes de Información | Código | 710G02014 | |
| Titulación | Grao en Humanidades | | | |
| Descriptores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuadrimestre | Primeiro | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | Galego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | | | | |
| Coordinación | Ameneiros Rodríguez, María Rocío | Correo electrónico | rocio.ameneiros@udc.es | |
| Profesorado | Ameneiros Rodríguez, María Rocío | Correo electrónico | rocio.ameneiros@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Materia que aborda a identificación, análise e uso das fontes e recursos de información, e ocúpase de iniciar ós alumnos no deseño e na elaboración de bibliografías e recursos de información de carácter profesional. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|---|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Definir a natureza, tipoloxía, evolución, estrutura e utilidade das fontes de información. | A1<br>A3<br>A4<br>A6 | | |
| Identificar as principais fontes de información de carácter xeral. | A1<br>A6 | B7 | C10 |
| Definir a metodoloxía de análise e avaliación das fontes de información de carácter xeral. | A3<br>A4 | | C5<br>C9<br>C18 |
| Deseñar e elaborar diferentes tipos de bibliografía e recursos de información. | A1<br>A2<br>A5 | B7 | C1<br>C9<br>C10<br>C11<br>C12<br>C18 |
| Utilizar adecuadamente fontes e recursos de información. | A3<br>A6 | B6<br>B7 | C2<br>C5<br>C8<br>C9 |
| Asumir responsabilidades na transferencia do coñecemento a través da selección e difusión de recursos de información relevantes e pertinentes. | | B6<br>B7 | C3<br>C4<br>C13 |
| Compartir coñecementos e experiencias con outros profesionais. | | B6 | C12<br>C13 |

| Contidos | |
|---|---|
| Temas | Subtemas |

| | |
|---|---|
| 1. AS FONTES DE INFORMACIÓN | 1.1. Concepto<br>1.2. Tipoloxía<br>1.3. Análise e avaliación |
| 2. BIBLIOGRAFÍA: CONCEPTO, HISTORIA E APLICACIÓNS | 2.1. Concepto<br>2.2. Evolución histórica<br>2.3. Deseño e elaboración de repertorios bibliográficos e recursos de información |
| 3. FONTES DE INFORMACIÓN. INSTRUMENTOS PARA A BUSCA INDIRECTA DE INFORMACIÓN | 3.1. Bibliografías<br>3.2. Catálogos de bibliotecas e catálogos colectivos<br>3.3. Bases de datos<br>3.4. Outros recursos de información |
| 4. FONTES DE INFORMACIÓN. INSTRUMENTOS PARA A BUSCA DIRECTA DE INFORMACIÓN | 4.1. Enciclopedias<br>4.2. Diccionarios<br>4.3. Fontes biográficas<br>4.4. Anuarios, directorios, cronoloxías<br>4.5. Outros recursos de información |
| 5. FONTES DE INFORMACIÓN. BUSCA E RECUPERACIÓN DE LITERATURA CIENTÍFICA | 5.1. Literatura gris<br>5.2. Revistas científicas<br>5.3. Sector da información electrónica<br>5.4. Iniciativa de acceso aberto |
| 6. FERRAMENTAS DE LOCALIZACIÓN DE RECURSOS DE INFORMACIÓN EN INTERNET | 6.1. Motores de busca<br>6.2. Bibliotecas dixitais |

| Planificación | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Metodoloxías / probas** | **Competencias / Resultados** | **Horas lectivas (presenciais e virtuais)** | **Horas traballo autónomo** | **Horas totais** |
| Proba de resposta múltiple | A1 A3 A6 C3 C10 C13 | 2 | 16 | 18 |
| Sesión maxistral | A1 A3 A6 C3 C10 | 23 | 0 | 23 |
| Portafolios do alumno | A1 A5 A6 B6 B7 C1 C2 C5 C9 C10 C11 C12 C18 | 14 | 22 | 36 |
| Traballos tutelados | A2 A3 A4 B5 B6 B7 C2 C3 C4 C5 C8 C9 C10 C11 C13 C18 | 5 | 66 | 71 |
| Atención personalizada | | 2 | 0 | 2 |
| ***Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado** | | | | |

| Metodoloxías | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Proba de resposta múltiple | Test e/ou preguntas de resposta breve sobre os contidos teóricos e prácticos da materia para a avaliación dos coñecementos adquiridos. |
| Sesión maxistral | Exposición oral por parte da profesora, complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos alumnos, coa finalidade de transmitir os coñecementos fundamentais da materia e facilitar a aprendizaxe. Fundamentarase na exposición de contidos teóricos, a visualización de exemplos e a resolución de dúbidas por parte da profesora. |

| | |
|---|---|
| Portafolios do alumno | Carpeta de traballo dos alumnos que deben entregar periódicamente e no prazo estipulado á profesora coas distintas actividades plantexadas: resumos e análises de lecturas, esquemas e contido teórico-práctico, exercicios prácticos e probas escritas para o seguemento dos coñecementos adquiridos. |
| Traballos tutelados | Traballo de aprendizaxe independente dos alumnos orientado á aplicación dos conceptos e as técnicas da materia, contando sempre coa atención personalizada e o seguimento da profesora. Elaborarase seguindo as pautas formais e de contido indicadas. |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Traballos tutelados<br>Portafolios do alumno | Resolver dúbidas, ampliar formulacións, suxerir actividades e distintas formas de traballo que axuden aos alumnos na súa aprendizaxe. Seguimento personalizado e constante de cada unha das tarefas desenvolvidas polos alumnos.<br><br>Este tipo de atención terá especial peso nos traballos tutelados, para os cales a profesora irá marcando as pautas a seguir en cada caso, podendo propor as variacións ou modificacións necesarias.<br><br>Na medida do posible, intentarase facilitar a atención personalizada a aqueles alumnos con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia. |

| Avaliación | | | |
|---|---|---|---|
| **Metodoloxías** | **Competencias / Resultados** | **Descrición** | **Cualificación** |
| Traballos tutelados | A2 A3 A4 B5 B6 B7 C2 C3 C4 C5 C8 C9 C10 C11 C13 C18 | Valorarase a adecuación do traballo presentado ao tema proposto, o contido, con especial interese nas achegas dos alumnos respecto as fontes e bibliografía utilizada, a coherencia da súa estrutura, a redacción e a presentación.<br>Entregarase na data indicada pola profesora.<br>Non se avaliarán os traballos presentados fóra de prazo, con faltas de ortografía ou aqueles que incumpran as indicacións prescritas para a súa elaboración. | 50 |
| Proba de resposta múltiple | A1 A3 A6 C3 C10 C13 | Avaliaranse as respostas das preguntas tipo test dos contidos da materia. No caso das respostas breves avaliarase a adecuación das mesmas ás preguntas realizadas e a súa redacción, e non se corrixirán aquelas que conteñan faltas de ortografía ou non contesten o tema exposto. | 30 |
| Portafolios do alumno | A1 A5 A6 B6 B7 C1 C2 C5 C9 C10 C11 C12 C18 | Valorarase a adecuación do portafolios presentado aos temas propostos para cada actividade, o contido, con especial interese nas achegas dos alumnos, a coherencia da súa estrutura, a redacción e a presentación.<br>Entregarase cada actividade na data indicada pola profesora.<br>Non se avaliarán as actividades presentadas fóra de prazo, con faltas de ortografía ou aquelas que incumpran as indicacións prescritas para a súa elaboración. | 20 |

| Observacións avaliación |
|---|
| Requisitos imprescindibles:<br>-Para superar a materia é necesario aprobar cada unha das partes que compoñen a metodoloxía de traballo da mesma, é dicir, se un alumno non supera o traballo tutelado non se lle avaliarán o resto de actividades e viceversa.<br>-Os alumnos que non entreguen o portafolios durante o curso e os alumnos con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia realizarán unha proba final escrita dos contidos teóricos e prácticos da materia (cualificación: 50%) pero é indispensable elaborar o traballo tutelado para superar a materia (cualificación: 50%). |

| Fontes de información |
|---|

| | |
|---|---|
| Bibliografía básica | - ABADAL FALGUERAS, Ernest; CODINA BONILLA, Lluís (2005). Bases de datos documentales: características, funciones y métodos. Madrid: Síntesis<br>- CARRIZO, Gloria; IRURETA-GOYEAN, Pilar; LÓPEZ DE QUINTANA, Eugenio (2000). Manual de fuentes de información. Madrid: CEGAL<br>- CORDÓN GARCÍA, José Antonio (2010). Las nuevas fuentes de información: información y búsqueda documental en el contexto de la web 2.0. Madrid: Pirámide<br>- CORDÓN GARCÍA, José Antonio; GARCÍA, José Antonio; LÓPEZ LUCAS, Jesús; VAQUERO PULIDO, José Raúl (2001). Manual de investigación bibliográfica y documental. Madrid: Pirámide<br>- DELGADO CASADO, Juan (2005). Introducción a la bibliografía: los repertorios bibliográficos y su elaboración. . Madrid: Arco/Libros<br>- FERRAN FERRER, Núria; PÉREZ-MONTORO, Mario (2009). Búsqueda y recuperación de la información. Barcelona: UOC<br>- MALDONADO, Ángeles; RODRÍGUEZ YUNTA, Luís (coord.) (2006). La información especializada en Internet. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas<br>- MERLO VEGA, José Antonio (2009). Información y referencia en entornos digitales: desarrollo de los servicios bibliotecarios de consulta. Murcia: Universidad de Murcia<br>- RODRÍGUEZ BRAVO, Blanca (2011). Apuntes sobre representación y organización de la información. Gijón: Trea<br>- TORRES RAMÍREZ, Isabel de (coord.) (1998). Las fuentes de información: estudios teórico-prácticos. Madrid: Síntesis<br>- TORRES RAMÍREZ, Isabel de (1996). Qué es la bibliografía: introducción para estudiantes de Biblioteconomía y Documentación . Granada: Universidad de Granada |
| Bibliografía complementaria | - Anales de Documentación (). http://revistas.um.es/analesdoc/index.<br>- BiD (). http://www.ub.es/biblio/bid.<br>- Boletín de ANABAD (). http://www.anabad.org/publicaciones/boletin.<br>- El Profesional de la Información (). http://www.elprofesionaldelainformacion.com.<br>- Revista Española de Documentación Científica (). http://redc.revistas.csic.es/index.php/redc.<br>A profesora proporcionará nas clases bibliografía específica para cada un dos temas e actividades a desenvolver, co fin de adecuar e actualizar de maneira continua os contidos da materia. |

| Recomendacións |
|---|
| Materias que se recomenda ter cursado previamente |
| Xestión da Información Fundamentos e Teoría/710G02073 |
| Materias que se recomenda cursar simultaneamente |
| Documentación Xeral/710G02011 |
| Materias que continúan o temario |
| Fontes de Información Especializadas/710G02024<br>Bibliotecas Dixitais/710G02036<br>Fontes de Información en Ciencia e Tecnoloxía/710G02037<br>Deseño de Recursos Informativos en Web/710G02039<br>Recuperación e Avaliación de Información Electrónica/710G02040 |
| Observacións |
| |

**(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías**